

Introducción
Aínda, O Capital

José María Durán e João Miguel Lombardeiro

1. Sobre a edición do ‘Das Kapital neu Lesen’

Louis Althusser xa advertira que Marx fora un filósofo que recusou escribir “filosofía”, cando menos de forma tradicional. Ao escribir *O Capital* Marx tería practicado a filosofía que nunca escribeu [2006: 259]. Esta “práctica” está contida no achado teórico de Marx que Althusser tenciounou clarexar no seu *Lire le capital* (1968), unha obra que está na base das contribucións que se presentan neste volume. Este achado sería o da teoría da historia e a economía política, a descuberta do *capital* que Marx practica sen producir un concepto de seu, novo, nunha obra filosófica rigorosa. *Das Kapital neu lesen* (2006) [literalmente *Ler de novo O Capital*] aprofunda nesta descuberta teórica.

Unha vez máis na longa historia das leituras de *O Capital* de Marx e os textos que o contornan, *Das Kapital neu lesen* pretende ler non só *O Capital* e todos os manuscritos que o acompañan mais tamén ler con novos materiais críticos. Infelizmente unha lectura deste xeito non se deu estritamente na Galiza, e isto a despeito de que na súa situación na periferia dos centros do capital, aínda que suficientemente perto deles como para perceber toda a súa determinación, unha tal lectura tería sido de muito proveito ou, na mínima, pertinente. Porén isto non significa, é claro, que na Galiza non se deixasen sentir acaídas leituras de *O Capital* polo menos desde os anos 60 do século pasado, reflectidas nas obras, sobre todo, de economistas e nas súas teorías do capitalismo colonial e o imperialismo; mais tamén na praxe da loita das mulleres contra un patriarcalismo ferreño ou na mais recente da teoría ecolóxica. Un tráxico evento como o do Prestige mais tamén a “alternativa” enerxética dos parques eólicos, por exemplo, fan presente na Galiza o poder do capital á vez que as contradicións nas que nesta época estamos involucrados.

Depois dos acontecementos de 1989-1991, saudados con ostentación pola ideoloxía liberal burguesa como a proba definitiva de que a alternativa ao marxismo e único camiño é –naturalmente– o seu, non deixa de ser conveniente voltar ás fontes, sequer para reflectir, para comprobar ou non validades. Os editores do *Das Kapital neu lesen* prestan especial atención, mesmamente, ás fontes e, neste sentido, ao traballo xigantesco de edición do ‘Marx-Engels-Gesamtausgabe’ [a edición completa das obras de Marx e Engels] ou MEGA que hoxe empeña o esforzo conxunto dunha serie de institucións e investigadores repartidos entre Berlín, Moscovo, Amsterdam, Tokío. A

edición íntegra desta obra, aínda está lonxe de estar completada,¹ permite o acceso aos traballos previos, rascuños e anotacións de Marx en torno á crítica da economía política que non só abranxen *O Capital*, mais tamén todos os manuscritos que o acompañan, e que hoxe nos serve para entender mellor o labor teórico proposto por Marx como só en parte finalizado.

O traballo que o MEGA pretende é a edición “histórico-crítica” da obra de Marx e Engels na súa forma orixinal, por outras palabras, sen censuras ou interferencias desnecesarias. Isto supón, segundo os editores, unha fidelidade filolóxica fundamental. Fidelidade non só á lingua orixinal na que os autores escriberon, pensemos, por exemplo, que Marx escribe nun alemán que, obviamente, non se corresponde co de hoxe ou que introduce numerosas referencias en latín, inglés ou francés. O mesmo acontece co estado dos propios textos, é dicir, lévase a cabo a reprodución exacta dos textos orixinais na forma como foron deixados polos autores, o que require un extenso labor de documentación e discernimento. Todo isto torna accesíbel a obra de Marx no seu conxunto e abre novas posibilidades de lectura e interpretación. Porén, tamén implica o problema de como entender a partir de agora o achado teórico de Marx, cando este non pode ser reducido a un conxunto máis ou menos amplo de textos ou parágrafos chave. Do mesmo xeito persiste o problema de como divulgar a súa obra. Neste sentido calquer anovada lectura de Marx referida ao conxunto dos traballos que constitúen a crítica da economía política, aínda que non só, ten de ser ben recibida. Non toda a xente ten acceso á edición do MEGA nin coñece a lingua na que Marx escribeu, nin se posúen os coñecementos teóricos suficientes para comprender en toda a súa dimensión o labor teórico de Marx. Por iso as investigadoras e investigadores do texto orixinal son necesarios. Necesarios para “traducir” a Marx, quer dicir, facelo intelixíbel e pensábel para un conxunto amplo da poboación mundial desde a focaxe do conflito e da loita de clases.

Sería incongruente e inxenuo, embora, pensar que dun tal confronto cos textos de Marx ten de xurdir unha lectura certa e inequívoca, *a lectura*, que vaia dar resposta a todas as cuestións que o capitalismo suscita. Interpretacións contrapostas de Marx ten habido e, afortunadamente, moitas outras haberá. *Aínda, O Capital* quer contribuír a isto nun debate galego que está por realizarse. Os seis textos que nel se presentan non son a interpretación certa de Marx, son unha posibilidade de lelo e reflexionalo. Dunha parte

¹ Os propios editores falan de que o traballo de acordo ao programado, 114 volumes dos que se levarían editados aproximadamente uns 52, estará terminado contra o ano 2025.

colócanse nus debates mui determinados que nos falan do contexto no que a recepción, interpretación e discusión en torno á obra de Marx se ten producido na Alemaña. Doutra, pensamos, aportan á discusión marxiana internacional e á súa actualidade puntos de vista necesarios e problemáticas mui concretas, algunha das cais até pode ser mesmo percibida como déficit na obra de Marx. Pensemos na cuestión do traballo da muller no lar que Marx dalgún xeito evita ou omite, sendo este baleiro o que mesmamente motiva que saia á tona en toda a súa complexidade pendente aínda de estar resolvida satisfactoriamente.

Unha das preguntas fundamentais na que coinciden desde diferentes focaxes os textos que agora se presentan é a de “cal é o obxecto de *O Capital*”. Non é un asunto chato. Os editores do *Das Kapital neu lesen* fan referencia a este “obxecto” da seguinte maneira:

«O obxecto de *O Capital* non é un fragmento da historia, do acontecemento histórico, mais unha figura estraña que podemos comprender canto (re)constructo teórico dun grande período da historia mundial no que o “dominio” do *modo de produción capitalista* ten efecto no interior dunha constelación de sociedades. Como é que se entende este dominio é, por tanto, o obxecto mesmo da investigación teórica.» [2006: 30]

Quizais agora entendemos mellor o que Althusser refería cando dixera que Marx *practicara* a filosofía que nunca escribeu. Esta é unha discusión que tense debatido profundamente no contexto da recepción de Marx na Alemaña. Debate que se podería sintetizar como a controversia entre o “histórico” e o “lójico” en Marx e se esta “lójica” ten algo a ver coa lójica formal. A esta cuestión da “lójica” tense referido Frieder Otto Wolf nun outro texto: “Warum der Begriff des Hundes nicht beißen kann, Nachbars Hund aber wohl” [“Porque o concepto do can non pode morder, mais o can do veciño de certo que si”].

«A crítica marxiana á economía política», escribe Wolf, «de ningún xeito é un sistema fechado no que todo é deducido ou deducíbel a partir dun concepto fundamental. Por iso mesmo naquelas pasaxes nas que se constrúe un novo campo teórico que é esclarecido a través de exemplos histórico-empíricos non se empregan os exemplos canto obxectos individuais, é dicir, non se fai referencia ás súas características, senón que se fai uso deles para destacar trazos xerais que fican esclarecidos nos exemplos, como ilustracións.»

Esta controversia entre o “histórico” e o “lógico” ou cal é o método do que Marx fai uso en *O Capital* caracteriza boa parte da recepción alemá de Marx. É por iso que certos trechos neste volume están marcados por esta polémica. Sen ela, por exemplo, non é posíbel entender os motivos (entre outros) do segundo dos textos aquí publicados: “O concepto dos ‘límites da exposición dialéctica’ en Marx” de Frieder Otto Wolf, sobre todo no seu comezo. Tamén está presente na conclusión de Jan Hoff ao seu “*En defensa do traballo* de Thomas Hodgskin e a crítica marxiana da economía política”. Tencionaremos entón ofrecer algúns elementos que axuden a situar que se está colocando en cuestión neste debate.

Roberto Fineschi [2006] apunta á discusión no seu “Nochmals zum Verhältnis Wertform – Geldform – Austauschprozess” [“Outra vez en relación á forma do valor, a forma do diñeiro e o proceso da troca”]. Semella que todo comezou cunha recensión de Engels quen interpretou a primeira sección do libro primeiro de *O Capital*: “Diñeiro e mercadoría” dun xeito histórico, sobre todo respecto á súa comprensión da noción marxiana da “circulación simples” [*einfache Zirkulation*] canto “producción simples de mercadorías” [*einfache Warenproduktion*], e no momento en que Marx examina a forma do valor [*Wertform*]. Engels tería deducido disto a existencia dunha sociedade previa ao capitalismo na que a lei do valor tería validez. Marx describe esta “Wertform” no punto 4, “A forma simples do valor no seu conxunto”, onde escribe: «A forma-valor simples dunha mercadoría está contida na súa relación de valor ou na súa relación de troca cunha mercadoría distinta.» [MEW 23: 74] E despois: «O produto do traballo é, en todos os estados da sociedade, un obxecto de uso, porén só unha época de desenvolvemento historicamente determinada, a cal presenta o traballo consumido na produción dun obxecto de uso como a súa cualidade “obxectiva”, quer dicir, como o seu valor, é que transforma o produto do traballo en mercadoría. De aquí resulta que a forma-valor simples da mercadoría é á vez a forma-mercadoría simples do produto do traballo, e que, por tanto, tamén o desenvolvemento da forma-mercadoría coincide co desenvolvemento da forma-valor.» [ibid, 76]

Eis a lei do valor sustentada na cantidade de traballo despendida. No epílogo ao libro terceiro de *O Capital* que Engels editara en 1894, “Ergänzung und Nachtrag zum III. Buche des *Kapital*” [“Complemento e adenda ao volume III de *O Capital*”] [MEW 25: 897-919], Engels refire explicitamente unha “producción simples de mercadorías” historicamente previa á “producción capitalista de mercadorías”. Nesta “producción

simples” a cantidade de traballo despendido na produción dun obxecto útil é a medida “apropiada para determinar cuantitativamente as cantidades a trocar” [ibid, 907], é dicir, para determinar que cantidade de obxectos son dados co fin de obter a cantidade de obxectos precisados. Será máis tarde, co desenvolvemento do diñeiro canto medio da troca, isto é, canto medida de equivalencia universal entre todas as mercadorías, que se manifestaría, segundo Engels, a adaptación das mercadorías á lei do valor capitalista [ibid]. O valor xa non aparece así inmediatamente na “superficie” da troca senón que aparece mediado polo diñeiro. A lei do valor, ou por outras palabras, o valor sendo determinado polo tempo de traballo despendido, tería validez para todo un período histórico que Engels denomina como o período “da produción simples de mercadorías” [ibid, 909].

Digamos que nesta interpretación sitúanse os alicerces dun debate que vai para alén da simple cuestión de se Engels lera correctamente a Marx ou non. A cuestión, como algúns autores teñen indicado, é se Marx tería “reducido” “simplificado” ou mesmo “escondido” o seu método dialéctico, sobre todo na segunda edición de *O Capital* (Hamburgo, 1872), por outra parte a máis popular e traducida, na que Marx procuraría unha exposición do modo de produción capitalista de preferencia histórica.² En calquer caso, Jan Hoff advirte que a crítica á interpretación de Engels aparece xa a finais dos anos 60 do pasado século desenvolvéndose de forma independente na Alemaña Federal e na República Democrática. Así, na antiga DDR Wolfgang Jahn tería visto que o «ponto de partida da análise de *O Capital* non sería a produción simples de mercadorías mais a circulación simples canto esfera abstracta das relacións de produción capitalistas.» [Hoff, 2004: 19; Jahn, 1978]

Esta controversia entre o “histórico” e o “lójico” pensamos que pode axudar a ampliar a nosa comprensión tanto do obxecto teórico de Marx como da narración histórica que nel se contén: tamén para entender mellor a posición teórica na que se colocan os autores deste volume. Para isto, ademais de por costumeiro dadaísmo libresco, tal vez sería adecuado comezar a ler este volume polo epílogo, isto é, a contribución de Frieder Otto Wolf, “O que é o ‘capitalismo’, que significa estar contra

² Wolf fai referencia explícita a esto mesmo nos trechos iniciais do seu “O concepto dos ‘límites da exposición dialéctica’ en Marx”.

del e que se precisa para acabar con el: algunhas observacións co fin de evitar debates improditivos”, artigo inédito no orixinal *Das Kapital neu lesen*.

2. Marx: o capital e o valor

Nas sociedades modernas o modo máis común de ver o diñeiro é na súa función de facer posíbel a adquisición das mercadorías. Digamos que o diñeiro faise presente na nota, no recibo ou no díxito bancario que garanten que o representado nese soporte equivale a certo diñeiro, que existe diñeiro ao noso dispor, que podemos efectuar unha troca. E non é isto calquer cousa mesmo fascinante? É dicir, non nos resulta fascinante esa función de representar a propia troca, o puro momento do relacionamento polo que unha mercadoría é trocada por outra? A meados do século XVIII Benjamin Franklin celebraba o poder aparente do diñeiro: «o diñeiro é prolífero», escribía, «fecundo por natureza. O diñeiro xera diñeiro... Canto máis diñeiro hai máis produce todos os movementos así que os lucros aumentan con rapidez.» [1907: 370-371] Non deixa de ser todo un recoñecemento a esta mistificación do diñeiro que o propio Franklin sexa o vulto retratado na nota de 100 dólares. Benjamin Franklin, con todo, sabía ben do que estaba a falar aínda que se expresase apenas como un tratante fascinado pola troca. Franklin describe exactamente o movemento do diñeiro canto determinante da troca e da riqueza, isto é: comprar para vender, e non simplemente comprar para consumir como acontece coa mercadoría, o que constitúe a *determinación formal do comercio* e a *primeira forma na que aparece o capital*.

Milios, Dimoulis e Economakis [2002] asumen que a teoría do valor de Marx é unha teoría “monetaria”. “Monetaria” porque o valor da mercadoría non pode ser observado canto tal, isto é, na mercadoría isolada: non hai característica natural algunha dos materiais grazas á cal podamos caracterizar inequivocamente o valor. Así é que o valor exprésase na forma en que aparece e sempre en relación a outras mercadorías, isto é, na troca. Esta forma de aparencia é a materializada no diñeiro. Ora ben, como é que chega o diñeiro a materializar o valor das mercadorías? Ao comezo do capítulo do diñeiro nos manuscritos económicos de 1857-58 ou *Grundrisse* [os “elementos fundamentais” da crítica da economía política], Marx describe este diñeiro: «Como valor, a mercadoría é

un equivalente; como equivalente desaparecen dela todas as súas características naturais; ela non está nunha relación cualitativa especial coas outras mercadorías, senón que é tanto a medida xeral como o representante xeral, o medio xeral da troca de todas as outras mercadorías. Como valor ela é *diñeiro*.» [MEW 42: 76]

A mercadoría expresa destarte a súa equivalencia, isto é, a súa posibilidade na troca, nun obxecto externo a ela mesma: «A súa cualidade canto valor... ten de obter a súa existencia distinta da súa existencia natural. Por que?» [ibid] Porque se as mercadorías son como obxectos naturais todas distintas, como valores son todas “iguais” ou, noutras palabras, teoricamente intercambiábeis. Esta medida da troca ou posibilidade de seu ten de poder ser expresada de forma diferente ao valor de cada unha das mercadorías particulares co fin de actuar, mesmamente, como equivalente xeral de todas as mercadorías. Eis a existencia do diñeiro como forma da aparencia do valor: «Todas as propiedades da mercadoría como valor de troca aparecen no *diñeiro*, como nun obxecto diferente dela, nunha forma de existencia social separada da súa forma de existencia natural.» [ibid, 80]

Aínda que o diñeiro sexa esta forma na que o valor se expresa, valor e diñeiro non son a mesma cousa. Marx observa que: «O *valor* (o valor real da troca) de todas as mercadorías (incluído o traballo [canto mercadoría – JMD/JML]) está determinado polos custos de produción... O *prezo* é este valor de troca expresado no diñeiro.» [ibid, 72] Estase, pois, a falar do mesmo en dous ámbitos diferentes: 1) o valor no lugar da produción ou, máis exactamente, no lugar da súa reprodución constante, e 2) o mesmo valor no lugar da circulación ou momento da troca. Mais isto tamén non significa que as dúas determinacións do valor sexan idénticas. Marx continúa: «A substitución do diñeiro en metal [ou do diñeiro en papel ou o crédito, isto é, calquer das súas formas modernas – JMD/JML] polo diñeiro-traballo,³ que recibiría a súa denominación do mesmo tempo de traballo, equipararía por conseguinte o *valor real* (valor de troca) das mercadorías co seu *valor nominal*, *co seu prezo*, *co seu valor en diñeiro*.» [ibid] Que isto non fai sentido no esquema da produción/reprodución capitalista explica Marx facendo referencia ao “valor medio” [*Durchschnittswert*] das mercadorías: «O valor das

³ A teoría do diñeiro-traballo defende que o traballo sexa considerado en si mesmo diñeiro, substituindo así ao diñeiro en papel ou moeda. Unha visión de conxunto sobre os autores que defendían o uso do traballo como diñeiro pódese ver en Diego Guerrero, “La heterodoxia en la época de los clásicos”, 1997; e tamén en Makoto Nishibe, “The Theory of Labour Money: Implications of Marx’s Critique for the Local Exchange Trading System (LETS)”, en Hiroshi Uchida, 2005. Ver tamén ao respecto a contribución de Jan Hoff neste volume.

mercadorías determinado polo tempo de traballo é só o seu *valor medio*. Un valor medio que aparece canto abstracción extrínseca, na medida en que se obtén como cifra media dun período... o valor medio é tanto máis real canto que é recoñecido como o impulso e principio motor das variacións que atravesan os prezos das mercadorías durante determinado período. Esta realidade é importante non só teoricamente: ela constitúe o fundamento da especulación comercial cuxo cálculo de probabilidade toma como punto de partida tanto os prezos medios, que lle serven como centro regulador da variación, como a suba e a descida media da variación por cima ou por baixo deste centro. O valor no mercado dunha mercadoría é sempre diferente deste valor medio, e está sempre quer por cima, quer por baixo del.» [ibid]

Advertimos entón como valor, diñeiro e prezo aínda facendo parte dunha mesma realidade son distintas expresións para as diferentes determinacións que acontecen no interior do modo de produción/reprodución capitalista e a súa circulación e troca no mercado. Por iso Marx, e fronte ás pretensións de certos socialistas como Proudhon que *queren mercadorías mais que non queren diñeiro*, teimaba en que se a nosa indignación e resistencia é enderezada apenas contra o diñeiro tratarase «de un simples ataque contra as consecuencias, que deixa subsistir as causas das mesmas» [ibid, 166]. Pois resulta imposible superar o diñeiro «en canto o valor de troca continúe sendo a forma social dos produtos.» [ibid, 80] Comprender isto é necesario: «para non pórse tarefas imposíbeis e coñecer ben os límites, dentro dos cales as reformas monetarias e as transformacións na circulación poden dar unha nova forma ás relacións de produción e ás relacións sociais que nelas se basean.» [ibid]

Alén desta realidade que a manifestación formal do diñeiro expresa, o diñeiro tamén *igual*a a todos os suxeitos da troca: «Un traballador que compra un bolo de pan e un millonario que compra outro», escribe Marx no capítulo dedicado ao capital nos *Grundrisse*, «aparecen neste acto como simples compradores, da mesma forma que o tendeiro figura sómente como vendedor. Todas as demais determinacións fican agora excluídas.» [ibid, 176] Ademais, Marx chega a conclusión de que esta *igualdade* que se expresa no facto mesmo da troca, no acto puro de trocar mercadorías equivalentes: canto «suxeitos da troca a súa relación é unha relación de *igualdade*» [ibid, 167], fundamenta xustamente a concepción burguesa de *igualdade* de igual xeito que a de *liberdade*. «Desta forma, establececese a liberdade [burguesa – JMD/JML] completa do individuo: transacción voluntaria; non hai violencia por ningures [...] Igualdade e

liberdade son, por tanto, non somente respectadas na troca baseada sobre os valores da troca, senón que a troca de valores de troca é a base produtiva e real de toda *igualdade e liberdade*. Como ideas puras son simples expresións idealizadas do mesmo; canto desenvolvidas nas relacións xurídicas, políticas e sociais son apenas esta base nunha outra potencia.» [ibid, 170]

Tencionaremos enxergar neste bosque de intercambios. Insistamos así en que Marx non fala aquí simplemente da troca, senón que fai referencia á troca de valores que son á súa vez valores de troca. Por iso acautela que esa *igualdade e liberdade* baseadas nos valores de troca, as que hoxe vivimos, non son o mesmo que a liberdade e igualdade antigas ou feudais: «A igualdade e a liberdade nesta dimensión son exactamente o contrario da antiga liberdade e igualdade, que mesmamente non teñen o valor de troca desenvolvido como o seu fundamento, senón que antes ben desaparecen no seu desenvolvemento. Elas (a liberdade e a igualdade) supoñen relacións de produción que aínda non foron realizadas no Mundo Antigo; nin sequer na Idade Media.» [ibid]

Non sería correcto, con todo, buscar analoxías simples e querer ter encontrado no señor despótico da *oikonomia* antiga [do grego “oikos”, lar] e no dominio que exerce sobre escravos e mulleres dos que é o seu dono un antecedente do repreensíbel Mr. Gradgrind do romance *Hard Times* (1854) de Charles Dickens, un utilitarista que só quer factos, ou das “competitivas” personaxes do filme *Glengarry Glen Ross* (1992). A “liberdade” do antigo escravo e do moderno salariado é fundamentalmente diferente e o seu fundamento non reside só na forma de dominio que se exerce mais tamén no modo de produción que se efectúa. Marx explícita con esta diferenza o que está na base, no soporte, da troca de valores, por outras palabras, un modo de produción que se organiza nesta dirección: cara a produción de obxectos con valor, valor de troca. Por tanto, toda a discusión á volta do valor de uso dos obxectos, da súa necesidade ou conveniencia, aínda que pertinente, é neste punto da análise tamén superflua. Superflua por canto o que na troca se demostra é *apenas* un modo de produción de valores que outorga sentido á troca dos mesmos e fai necesaria a aparición do diñeiro como figura da equivalencia xeral. Alfredo Saad-Filho ten expresada esta mesma idea con as seguintes palabras: «a troca non se ocupa da cualidade ou o tipo concreto de traballo, mais só de cantidades de traballo abstracto expresado a través dos prezos das mercadorías. Na troca o que é importante na cuantificación do que debe ser pagado non é o valor de uso que un procura –sexa que o tempo de traballo fora despendido por un panadeiro, alfaiate, pintor ou programador informático– mais as cantidades de tempo de traballo abstracto

socialmente necesario (máis que individual e concreto) que se ten despendido.» [2004, 20]

No puro acto *igualitario* no que o suxeito da troca aparece como o auténtico determinante do acto mesmo, e tamén no facto das mercadorías a despeito de seren diferentes nos seus usos, materiais etc., poidan ser trocadas grazas á función do diñeiro (ao que todas as mercadorías poden ser reducidas), as mercadorías e o diñeiro na troca non fan máis que reflectir o carácter social do traballo dos suxeitos. Asinalemos que é no mesmo acto de trocar, na liberdade aparente de trocar uns valores por outros, que os suxeitos da troca (nós todas e todos) esquecemos este carácter social fundamental. Regresando ás palabras de Marx, «desde o comezo o *presuposto* do valor de troca canto fundamento obxectivo de todo o sistema de produción inclúe en si propio a coerción do individuo, de que o seu produto inmediato non é un produto para si, mais *convértese* en produto só no proceso social, e que ten de adoptar esta forma xeral e, porén, extrínseca; que o individuo só ten existencia canto individuo produtor do valor de troca... el está, por tanto, completamente determinado pola sociedade o que ademais presupón a división do traballo, etc., que sitúa ao individuo nunhas relacións diferentes daquelas do individuo simples *que troca*, etc... Finalmente, non se olla que na determinación simples do valor de troca e do diñeiro xa está comprendida en potencia a oposición entre traballo salariado e capital.» [MEW 42: 173]

A forma social dos produtos existe, por tanto, canto valor de troca nun modo de produción así organizado e enderezado, e neles –nos produtos– o que se reflecte é o “traballo social” dos suxeitos. Poderíamos convir que todas as apraciáveis controversias arredor do diñeiro e a troca das mercadorías deberían comezar nun outro lugar, determinante de todo o anterior e que se deixa ver por veces si, por veces non. Poderíamos, destarte, encetar pola produción.

Nesta altura non estará de máis suxerir que non existe xustiza no valor de troca nin hai diñeiro mais limpo que outro. Que para a superación das actuais relacións de produción (e advírtase que nese ámbito é no que aquí insistimos e nos encadramos) son de nula axuda boa parte dos lugares comúns da actual esquerda política, sindical ou altermundista. Nestas coordenadas, bos salarios e mellores condicións de traballo, servizos públicos ou contratos indefinidos con máis axudas de custo, non fan desaparecer o capital nin os prezos. De igual xeito, escasamente transformador e revolucionario, por seu turno, é pretender que o simples control operario ou estatal

(autonómico tamén) dos medios de produción sen colocar a cuestión de mudar o modo e as relacións de produción realmente existentes sexa calquer cousa aproximada do socialismo –o comunismo ten paraxe aínda máis lonxe. Tendo en estima, como é claro, a participación empeñada no activismo pola mellora das condicións de vida, achamos que a verdade debe dicirse sen cautela.

O modo de produción capitalista é o lugar adecuado para entender o valor. A historia é coñecida. No interior do proceso de produción sitúase o traballo como unha mercadoría disposta a ser usada. O que no mercado aparece sómente como capacidade do operario transfórmase nun valor determinado cando é “solicitado” e movimentado polo capital: «O valor de uso que o traballador brinda ao capital», escribe máis unha vez Marx nos *Grundrisse*, «non se materializa nun produto, non existe fora de si mesmo, isto é, non fisicamente, mais sómente na posibilidade, como a súa capacidade. Tan pronto como é solicitado polo capital el é posto en movemento, pois non existe actividade sen obxecto, ou é, no máximo, actividade mental, que non interesa agora.» [ibid, 190-193]

No cerne do modo de produción capitalista, subliñemos, é onde a forza de traballo torna real, práctica e produtiva para o capitalista que fai uso dela. O valor de uso que o operario posúe como a súa capacidade propia, como a súa facultade natural, torna valor de troca resultante dun proceso de valorización. Temos que a forza de traballo non é apenas esa mercadoría que o capitalista encontra no mercado e cuxa función é pór a andar os elementos até entón latentes do proceso de traballo, isto é, os medios de produción. A forza de traballo é, mesmamente, esa mercadoría que posúe a cualidade estraña de ser fonte do valor [*Quelle von Wert*]. A importancia decisiva deste aspecto nunca será subliñada de máis. O operario da fábrica capitalista ou do sector servizos non produce sómente produtos, bens, destinados á venda dos mesmos, ele ou ela produce valores que representan a realización dun determinado tempo de traballo que fica obxectivado nos produtos do traballo.

«Se un capitalista», escribe Marx, «fai cortar leña para asar un año, a relación non só do leñador con el mais tamén a súa co leñador é unha relación de troca simples. O leñador bríndalle o seu servizo, un valor de uso, que non aumenta o capital, mais un valor de uso no que este se consume, e o capitalista dálle unha mercadoría a cambio na forma de diñeiro. Isto sucede con todas as prestacións de servizos que os traballadores trocan directamente polo diñeiro doutras persoas e que son consumidas por outras

persoas.» [ibid, 198] Pola contra, o traballador produtivo para o capitalista non só ofrece un servizo que é pago, el valoriza ademais o capital realizando un traballo cuxa finalidade é a de acrecentar o capital investido no proceso de produción. «En primeiro lugar», sinala Marx nos manuscritos de 1863-67, «o posuidor da capacidade de traballo sitúase canto *vendedor* desta... canto vendedor directo de *traballo vivo e non da mercadoría* ao capital ou ao capitalista. El é un traballador salariado... En segundo lugar, introducido nese proceso previo que fai parte da circulación, a súa forza de traballo e o seu traballo son incorporados directamente como *factor vivo* ao proceso de produción do capital e torna mesmo unha das súas *partes constituíntes*... a cal non só conserva e reproduce os valores do capital avanzado senón que tamén os *augmenta* e, creando mais-valía, os transforma en valor que se valoriza, en capital.» [MEGA II.4.1: 110]

Chegamos así ao capital.

O diñeiro que ollamos no proceso da troca, isto é, na circulación, volta ao proceso de produción na forma de forza de traballo e medios de produción nos que o capitalista ten investido para saír del novamente na forma dos produtos que o traballo vivo produce. Xéranse así os valores e créase o capital, ou, por outras palabras, orixínase a mais-valía: «o capital non sae do proceso tal e como nel entrou. É sómente nese proceso que se transforma en verdadeiro capital, en valor que se valoriza. O produto global é agora a forma de existencia do capital realizado que canto propiedade do capitalista, como autónomo, enfróntase ao traballo a través do propio poder creador do traballo.» [ibid, 126] Xorde, pois, ese inmenso acumulación de mercadorías [*ungeheure Warensammlung*] co cal Marx comeza o primeiro capítulo de *O Capital*.

Ainda, O Capital, este libro que a leitora ou lector agora ten nas súas mans, embora elemental, tamén é máis unha mercadoría. Os autores desta introdución apenas consignamos este evidente facto sen axuizar se a súa produción ten cumprido as esixencias do capital e a súa acumulación mais coa seguranza de que o comprador deste “obxecto externo”, cando o adquiriu, fíxoo na mellor das vontades e, como os seus autores, sen posibilidade práctica ou facil de situarse para alén do modo de produción existente. E é que apontar miraxes e eludir as propias responsabilidades é outra, na longa listaxe, das específicas formas esquizoides da galeguidade.

3. Pequena referencia bibliográfica para o lector e a lectora galega

Pensar en dar referencias adecuadas en torno á obra de Marx para o lector e a lectora galega supón tamén reflectir parte da situación socio-histórica do país. Para onde ollar? As edicións españolas de *O Capital* e os *Grundrisse* de Siglo XXI e FCE son suficientemente coñecidas como para insistir nelas. Ollemos entón para onde existe Galego normalizado.

O hipotético lector interesado na obra de Marx na Galiza debería ter como primeira referencia as Edições Avante. A súa biblioteca do marxismo-leninismo abranxe importantes escritos de Marx e Engels e, até a data, está editado e dispoñíbel o primeiro libro de *O Capital* en tres tomos. Infelizmente os manuscritos económicos non aparecen aínda traducidos. A editorial paulista Boitempo, por seu turno, tenciona publicar toda a obra de Marx e Engels no Brasil, comentada e traducida directamente do orixinal alemán, aínda sen referencia á fonte utilizada para a tradución. Polo de agora aparecen traducidos a “Crítica da filosofía do dereito de Hegel”, o “Manifesto Comunista”, os “Manuscritos económico-filosóficos”, a “Sagrada familia”, a “Ideoloxía alemá” e “A situación da clase traballadora na Inglaterra”. En calquer caso, a presenza deste proxecto da Boitempo nas nosas librarías sería tan benvido como necesario. A editora galega Abrente tenciona igualmente unha ‘Biblioteca Marxista em Galego’ da que aparecen na net algunhas obras importantes como “Salario, prezo e lucro” ou as “Teses sobre Feuerbach”.

As traducións de referencia de *O Capital* en portugués son as de Teixeira Martins e Vital Moreira (Centelha, Coimbra, 1974) en Portugal e a de Reginaldo Sant’Anna (Civilização Brasileira, Rio de Janeiro, 1968) no Brasil. Se ben a versión brasileira é a da cuarta edición alemana revista por Engels no 1890, a tradución de Martins e Moreira é a da versión francesa de 1872-75 autorizada e revista polo propio Marx.⁴

Doutra parte, un bon lugar de referencia respecto das novas investigacións en torno ao marxismo e á obra de Marx e Engels na nosa lingua é a revista ‘Crítica Marxista’ ligada ao Cemarx, o Centro de Estudos Marxistas da Universidade Estadual de São Paulo en Campinas (Unicamp).⁵ Relacionada co Cemarx é a última publicación de

⁴ Sobre esta tradución pódese consultar a “Nota sobre a tradução” ao libro primeiro de Martins e Moreira no ‘Marxists Internet Archive’, <http://www.marxists.org/portugues/marx/1867/ocapital-v1/index.htm>.

⁵ Na net: <http://www.unicamp.br/cemarx/criticamarxista> e <http://www.unicamp.br/cemarx>.

Armando Boito Jr. e outros, *A Obra Teórica de Marx – atualidade, problemas e interpretações*, Xamã, São Paulo, 2002.

Un dos grandes divulgadores da obra de Marx no Brasil é o filósofo Leandro Konder. Konder ten publicado unha biografía de Marx, *Marx – Vida e Obra* (1999), e entre as súas inúmeras obras podemos destacar, *Por que Marx?* (1983), *O futuro da filosofía da praxis: O pensamento de Karl Marx no século XXI* (1992), ou como editor, *Manifesto Comunista 150 anos depois* (1998).

Outro dos estudosos máis interesantes de Marx nos últimos anos é o economista brasileiro Alfredo Saad-Filho, quen é profesor de economía política e desenvolvemento na School of Oriental and African Studies (SOAS) da Universidade de Londres. As súas publicacións son principalmente en inglés. É editor do *Anti-Capitalism. A Marxist Introduction* (2002), e ten publicado *Value of Marx. Political Economy for Contemporary Capitalism* (2001); e *Marx's Capital* (2003) xunto a Ben Fine.

Berlín/Vigo, 2009